



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN MÚSICO-CULTURAL “SAN MARTIÑO” DE SALCEDO PARA O FOMENTO E SOSTEMENTO DAS ACTIVIDADES MUSICAIS E CULTURAIS QUE DESENVOLVA NO ANO 2025

N.º EXPTE. 2025/SUBDIREC/000021

Examinado o expediente tramitado para a concesión da subvención directa nominativa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

I. Antecedentes:

1. A Asociación músico-cultural “San Martiño” de Salcedo (CIFG36060796) solicitou a través da Sede Electrónica do Concello, unha axuda económica de 42.000,00 € para o fomento da expresión artística e do sostemento das actividades musicais que desenvolve a asociación, que constitúen unha mostra lúdica e artística da tradición popular e cultural no municipio.

2. O Concelleiro da área de dinamización social e cultural emitiu unha memoria xustificativa, na que se dispón que se inicie o expediente de outorgamento da subvención solicitada, para facilitar e apoiar ó desenvolvemento formativo dun colectivo de persoas na arte musical, a aprendizaxe da práctica instrumental ou/e vocal, proporcionando estas habilidades á cidadanía en xeral, mediante a realización de distintas actuacións e concertos públicos que son de interés xeral cunha aportación de ata o 49,98% do custo total da actividade e co límite de 42.000,00 €.

3. O expediente foi informado polo Servizo Xestor e pola Asesoría Xurídica Municipal.

4. O Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade contabilizou a operación necesaria para o outorgamento da subvención e a Intervención Municipal fiscalizou de conformidade o expediente.

II. Fundamentos xurídicos:

1. O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda.

2. Ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza Municipal, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto

3 . A LXS dispón no seu artigo 8.1 que os órganos das Administracións públicas que propoñan o establecemento de subvencións, previamente, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións, os





obxectivos e efectos que se pretendan coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e a súa fonte de financiación, que se supeditarán, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. O Concello aprobou por Decreto da alcaldía o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra 2023-2025 (PES). O Anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións para o 2025, (documento co CSV AKJGV5B8CMZN1HR5) recolle as fichas por liña de subvención de cada área competencial. Así, na ficha nº035 prevese o establecemento dunha subvención directa, prevista nominativamente no orzamento, para fomentar e difundir a cultura musical, actividades de formación musical, fomento e mantemento das actividades musicais por medio de actuacións e concertos para a cidadanía de Pontevedra. Por Decreto da alcaldía de data 21.08.2025 aprobouse a actualización do contido do Anexo do PES para este ano 2025 e das fichas con detalle por liña de subvencións de cada área competencial, documento co CSV 5DZAXS9J7UU6CQHC.

4. Segundo establece o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos, posibilidade que se regula no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36 da Ordenanza de subvencións do Concello. Así, esta administración incluíu no Orzamento vixente, na aplicación orzamentaria 09-3340-48903, unha subvención de 42.000 € á Asociación músico-cultural “San Martiño” de Salcedo, polo que poderá concederse tal achega de forma directa e polo importe solicitado pola interesada.

5. Na memoria-providencia que consta no expediente, establécese que : *“Como xustificación da necesidade e oportunidade da sinatura deste convenio, sinalar que o acordo permitirá o exercicio das competencias outorgadas ao Concello nas materias subliñadas, así como o establecemento dunha medida de fomento da práctica de actividades de lecer e culturais en Pontevedra. Estas actuacións e concertos están considerados de grande interese público pola numerosa participación da veciñanza da cidade que desfruta destas actuacións no seu tempo de lecer. (...) Pola súa banda o Concello de Pontevedra e os seus cidadáns reciben da asociación unha serie de actuacións que consistirán en concertos así como tamén en diversas actividades formativas que leve a cabo a asociación, dirixidas a escolares, concertos didácticos, audicións, concursos de xoves intérpretes, ciclo de bandas, cursos de verán....etc., , consolidando a Pontevedra como unha cidade dinamizadora do tecido musical e cultural.”*

Esta administración preveu no orzamento esta achega económica de 42.000,00 € co gallo de ofrecer a cidadanía a oportunidade de optar a estas actividades musicais, facilitando ademais o desenvolvemento formativo dun colectivo de persoas na arte musical, a aprendizaxe da práctica instrumental ou/e vocal, proporcionando estas habilidades á cidadanía en xeral, mediante a realización de distintas actuacións e concertos públicos que tanta asistencia de público mostran ano tras ano e que promoven a cultura musical entre a cidadanía, xustificando así as razóns de interese público, social e económico do outorgamento da axuda.

6. A competencia para a concesión de subvención directa co carácter de nominativa corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 124.4.n) da Lei7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. A dita





competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 17.09.2024 , que establece que a concesión de subvencións directas corresponderá aos/as concelleiros/as de goberno delegados da área, segundo o seu ámbito funcional, sempre e cando sexa competencia da Alcaldía, nos termos establecidos na OXS do Concello de Pontevedra.

Pola súa banda, o artigo 17 do Regulamento da LXS aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, determina que a delegación de competencias conlevará segundo se dispoña na norma habilitante, a aprobación do gasto, salvo que se exclúa de forma expresa.

A sinatura do documento do convenio corresponderá ao Alcalde, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) LBRL .que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual, competencia esta que non está delegada

De acordo co artigo 8.1.b da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e, no que á subvención respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos indicados no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co disposto na Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Cuentas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, que aproba a instrución relativa á remisión telemática ao dito Tribunal de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, as entidades locais deberán remitir anualmente unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados por elas e as súas entidades dependentes no exercicio anterior.

Consonte ao exposto, unha vez informado o expediente pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral Municipal, o Concelleiro de Dinamización Social e Cultural, no exercicio das súas atribucións delegadas RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención, á Asociación Músico-Cultural San Martiño de Salcedo co NIF. G36060796, para o fomento da expresión artística e do sostemento das actividades musicais que desenvolve a asociación, por importe de 42.000,00 €, nos termos establecidos na memoria e no convenio que regula a subvención.

Segundo.- Aprobar o gasto polo importe correspondente con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se sinala:

APLICACIÓN	OPERACIÓN NÚMERO	IMPORTE
09/3340/48903	12025000060391	42.000,00 €
TOTAL		42.000,00 €





Terceiro. - Aprobar o texto do convenio regulador da subvención que se incorpora ao expediente redactado por este servizo, (documento co CSV 9REK7R6Z3ED7TYOI)

Así se dispón e ordena polo concelleiro de Dinamización Social e Cultural, en Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica, do que o secretario da Administración Municipal dá fe.

